

1. Despois de ler os apuntamentos (esquemas entregados en clase), os apartados do libro de texto (pdf na Aula Virtual) e as presentacións correspondentes ao bloque IX, fai as seguintes actividades:

a. Elabora un eixe cronolóxico e sitúa nel as seguintes etapas e acontecementos:

Etapas		Acontecementos	
-Gobernos de concentración -Gobernos Berenguer-Aznar -Mancomunidad de Cataluña -Ditadura de Primo de Rivera -Pistoleirismo	-Trienio Bolxevique -Reinado de Alfonso XIII -Primeira Guerra Mundial - <i>Goberno Longo</i> de Maura	-Semana Tráxica -Conferencia de Alxeciras -Derrota do Barranco do Lobo -Fundación da CNT -Asasinato de Canalejas -Asemblea de Parlamentarios -Manifesto das Xuntas de Defensa -Fundación do PCE	-Manifesto conxunto de CNT e UXT ameazando cunha folga xeral -Folga de la Canadiense -Desastre de Annual -Desembarco de Alhucemas -Pacto de San Sebastián -Insurrección de Xaca



b. Define brevemente os seguintes:

Conceptos	Personaxes	Organizacións e institucións
-Goberno de concentración -Lei de fugas - <i>Lockout</i> -Aliadófilos -Xermanófilos -Dictabranda -Pacto de San Sebastián -Expediente Picasso -Cabillas	-Antonio Maura -José Canalejas -Eduardo Dato -Francisco Ferrer y Guardia -Xeneral Silvestre -Xeneral Primo de Rivera -Xeneral Berenguer - Abd-el-Krim	-Xuntas de Defensa -Asemblea de Parlamentarios -Sindicatos Libres -CNT -Escola Moderna -Partido Radical -Unión Patriótica

c. Establece as semellanzas/diferenzas entre:

- Reformismo conservador de Maura/Reformismo Liberal de Canalejas
- Derrota do Barranco do Lobo/Desastre de Annual
- Crise de 1909/Crise de 1917
- Confederación Nacional do Traballo (CNT)/Federación Anarquista Ibérica (FAI)
- Congreso de Deputados das Cortes españolas/Asemblea Nacional Consultiva
- Directorio militar/Directorio Civil
- Ditadura/*Ditabrande*

d. Os seguintes documentos deben permitirche elaborar un texto sobre a expansión do movemento obreiro e a conflitividade social no primeiro terzo do século XX.



	1913	1918-1919
Pan (un quilo)	0,30	0,55
Patacas (un quilo)	0,12	0,45
Bacallau (un quilo)	1,25	3,50
Arroz (un quilo)	0,50	1,00
Touciño (un quilo)	1,75	4,00
Morcilla (un quilo)	1,75	3,25
Azucres (un quilo)	1,50	2,00
Ovos (ducía)	1,20	3,00
Aceite (arroba)	10,00	17,25
Carbón vexetal (un quilo)	0,15	0,30

FONTE: M. Tuñón de Lara, O movemento obreiro na historia

25

Parécenos que os campesiños non deben perseguir outro ideal económico que a repartición máis equitativa das terras e dos útiles de produción. A nosa esperanza está, pois, nos campesiños andaluces, os que consideramos con capacidade para levar a cabo a transformación social que comezou o mundo obreiro en Oriente (...).

La voz del campesino, periódico anarquista (1919)

Á vista dos movementos que se operan en toda Europa e coa experiencia e o exemplo dos campesiños rusos, ¿que táctica lles cómpre seguir ós campesiños españois para resolveren os problemas que á agricultura e, en particular, á propiedade territorial afectan, unha vez chegado o momento? O ditame resolve: Os medios poden deducirse desde o momento no que se trata de conseguir a expropiación, que está contida no noso lema "A terra, para os que a traballan".

Resolucións do Congreso da CNT que tivo lugar en Valencia (1918)



- Analiza o impacto da Revolución Rusa sobre as organizacións campesiñas españolas.

Doc. 20 A conflitividade tras 1917.

Estivo a conflitividade social moi lonxe de decrecer tras os sucesos de 1917, porque tampouco decreceron os seus factores ou causas; o contraste entre beneficio e salarios; a crise dos gobernos, incapaces de asegurar a orde; a presión das Xuntas sobre o poder executivo; a manifestación incontrolable da conflitividade social no campo; o aumento das demandas autonómicas catalá e vasca; e ata o complexo e escuro pistoleirismo barcelonés. E todo nun clima psicosocial alentado polo triunfo da revolución soviética.

Segundo datos do Instituto de Reformas Sociais, ao contabilizar a evolución de folgas, folguistas e número de xornadas perdidas, de 306 folgas en 1917, chégase a 1.060 en 1920. [...] Nos mesmos anos os folguistas pasan de 71.500 en 1917 a 245.000 en 1920; mentres que as xornadas perdidas saltan de 1,8 millóns a 7,3 millóns en 1920.

J. SÁNCHEZ JIMÉNEZ, *A España contemporánea (1875-1931)*, 1991



ASASINATOS PRODUCIDOS EN BARCELONA POR MOTIVOS POLÍTICOS E SOCIAIS (1916-1923)


Ano	Patróns	Xerentes, directores e encargados	Axentes da autoridade	Obreiros	TOTAL
1916	—	1	—	1	2
1917	2	—	—	3	5
1918	4	3	—	6	13
1919	—	3	5	7	15
1920	8	4	1	26	39
1921-23	9	13	2	128	152
TOTAL	23	24	8	171	226

27

FonTE: TERMES, J.: *De la Revolución de Setembre a la fi de la Guerra Civil (1868-1939)*, 1987.

e. Tras ver o vídeo desta ligazón <https://www.rtve.es/alacarta/videos/para-todos-la-2/para-todos-2-debate-desastre-annual/2856540/> e empregando os seguintes documentos elabora un informe sobre a cuestión marroquí na España do primeiro terzo do século XX. Inclúe nel estes aspectos:

- Orixe e razóns do establecemento do Protectorado sobre Marrocos.
- O Desastre do Barranco do Lobo e a Semana Tráxica.
- A configuración do Protectorado español: o acordo franco-español de 1912.
- O desastre de Annual e a cuestión das responsabilidades. O Informe Picasso.
- Desembarco de Alhucemas e desenlace.
- Valoración do custe en vidas humanas, gasto militar e das repercusións políticas e sociais.



15.6 CONFERENCIA DE ALGECIRAS (1906)

Término solemne tuvo ayer la Conferencia de Algeciras. Provecho y honor ha obtenido en ella España. [...] Desde el año negro de 1898, esta es la primera claridad que nos conforta y nos alumbra. [...] Consiste lo sustancial en que hemos reconquistado las consideraciones y los respetos perdidos, a la vez que hemos podido sacar a salvo nuestros primordiales intereses.

[...] En lo que atañe al interés universal, se ha conjurado el peligro de guerra. [...] Francia ha sacado ventajas, mas no obrará sola en Marruecos. Para la cuestión de la policía habrá de ir a medias con España, a la que ha correspondido administrar Tetuán y Larache. Además en lo que toca a la vigilancia y represión del contrabando de armas, [...] será cuestión exclusiva de España y Marruecos la aplicación del reglamento sobre contrabando al Riff.

[...] Alemania ha realizado sus propósitos de internacionalización, y conseguido que, en vez de la igualdad de trato en materia comercial, se establezca la libertad económica sin desigualdad alguna.

El Liberal, 8 de abril de 1906.

6

Considerando que a guerra é unha consecuencia fatal do réxime de produción capitalista. Considerando, ademais, que dado o sistema español de recrutamento do exército, só os obreiros fan a guerra que os burgueses declaran.

A asemblea protesta enerxicamente:

1. Contra a acción do goberno Español en Marrocos.

2. Contra os procedementos de certas damas da aristocracia, que insultaron a dor dos reservistas, das súas mulleres e dos seus fillos, dándolles medallas e escapularios, en vez de lles proporcionar os medios de subsistencia que lles arrebatan coa marcha do xefe da familia.

3. Contra o envío á guerra dos cidadáns útiles á produción e polo xeral, indiferentes ó triunfo da cruz sobre a media lúa, cando se poderían formar rexementos de curas e de frades que, ademais de estaren directamente interesados no éxito da relixión católica, non teñen familia, nin fogar, nin lle son de utilidade ningunha ó país. (...)

4. Contra a actitude dos deputados republicanos que, exercendo o mandato do pobo, non aproveitaron a inmunidade parlamentaria para se poñeren á fronte das masas na súa protesta contra a guerra:

E compromete á clase obreira a concentrar todas as súas forzas, por se tivese que declarar a folga xeral para obrigarlle ó goberno a respetar os dereitos que teñen os marroquinos a conservaren intacta a independencia da súa patria.

Moción da asemblea obreira de Terrasa (21 de xullo de 1909)

15.11 PROBLEMAS DE LA GUERRA DE MARRUECOS (1909)

Suponiendo que en realidad la cuestión de Marruecos, de acuerdo con todos los gobiernos de Europa, hubiese llegado a la hora de solucionarse, España no puede desentenderse de ese problema, porque sería sacrificar su porvenir de expansión territorial y comercial. En Marruecos sólo hay un

problema: el de la civilización. Esta empresa hay que hacerla forzosamente; si España demuestra que es incapaz de civilizar; si a pesar del tiempo transcurrido desde la catástrofe última, se ve que seguimos tan ineptos para esta clase de empresas y para toda obra de previsión que nos asegure el mañana, habremos fracasado definitivamente y otra nación se encargará de hacerlo [...]. En Marruecos se juega España la última carta como nación; si la gana entraremos en el concierto de las naciones libres y civilizadas; en caso contrario, el porvenir nos pedirá estrecha cuenta de nuestras torpezas, y en ese caso habrá que decir con claridad: Hemos fracasado como pueblo [...].

A mi entender, el gobierno ha hecho un acto político tomando las posesiones adquiridas, protegiendo el trabajo y asegurando así el campo de Melilla; de no haber procedido así hubiéramos quedado en ridículo. Creo, al contrario de otras veces, que el gobierno ha obrado con relativa prudencia, viéndose que hay un plan, que sabe dónde va y obra con acierto. Es imposible que el comercio se interne en Marruecos si una acción militar no lo precede.

Opinión del Secretario del Fomento del Trabajo Nacional, 1909.

9

Perdeuse Igueriben, como non tiña máis remedio que perderse, dadas as condicións da posición e a calidade e cantidade do inimigo; perdeuse Igueriben, e son as testemuñas da perda de 5.000 homes concentrados en Annual, outra posición tamén indefendible, que empeza por ser un posto insignificante de policía e, por non sabermos que razóns de arte bélica indemostrables ante o máis rudimentario xuízo que examine esta cuestión, convértese nun campo base de concentración de 5.000 homes sen defensa posible. Annual é -aí está tamén sangrando unha frase do Xeneral Silvestre-, unha calella sen saída.

Pero xa é tarde, xa non hai tempo; os 5.000 homes, dos cales unha porción moi considerable foron incorporados a filas soamente con un mes de instrución, cando un regulamento que está aí para adornar as coleccións do "Diario Oficial" establece que o primeiro período de instrución dun recruta, antes da súa verdadeira incorporación, son tres meses; cando un mes se se han de cumprir as prescricións sanitarias, tamén perfectamente decorativas nas

"Coleccións Lexislativas" do Ministerio da Guerra, se ha de investir forzosamente na vacina; unha porción considerable de soldados inexpertos, que chegan alí forzados pola mala sorte, co recordo metido moi dentro da mente de catástrofes, de traxedias sangueñas, de barrancos do Lobo, de xente morta a paos e a pedradas por uns mouros feros; e aqueles homes recentemente incorporados a filas, que non saben disparar un fusil, que non saben cargar (...).

Responsabilidades polo desastre de Annual. Intervención de Indalecio Prieto nas Cortes (21 de novembro de 1922)

● Sintetiza as críticas que expón sobre as responsabilidades de Annual e relaciónas co sistema de recrutamento do exército.


● Analiza as diversas consecuencias políticas que se derivaron do desastre de Annual.

	EUROPEOS				INDÍGENAS	
	Xefes e oficiais		Tropa		Mortos e desaparec.	Feridos
	Mortos e desaparec.	Feridos	Mortos e desaparec.	Feridos		
1916	11	25	270	252	—	—
1917	3	7	180	213	—	—
1918	6	5	364	187	—	—
1919	27	66	460	262	10	—
1920	29	42	520	427	12	—
1921	378	246	9.847	2.931	13	—
1922	65	170	483	1.858	227	1.196
1923	57	132	309	1.025	142	575
1924	234	642	3.032	5.540	1.091	3.543
1925	63	238	336	2.131	220	1.306
1926	42	150	171	773	310	1.144
1927	35	74	160	260	369	1.950
1928	—	—	—	—	—	—

FONTE: J. Pemartín Sanjuán, Os valores históricos da ditadura española, 1928

ANOS	PESETAS	ANOS	PESETAS
1909	62.000.000	1919-20	141.951.512
1910	45.000.000	1920-21	191.682.539
1911	65.000.000	1921-22	519.682.539
1912	82.000.000	1922-23	405.000.000
1913	108.614.425	1924-25	449.686.211
1914	142.427.794	1925	453.000.000
1915	143.701.391	1926	444.000.000
1916	149.701.391	1927	340.000.000
1917	113.230.239	1928	305.000.000
1918	125.995.211		

FONTE: C. Hernández Herrera, «Acción de España en Marrocos, 1492-1927», en Bases documentais da España contemporánea, Vol. 5, A crise do sistema canovista, 1972



Expediente Picasso. Blanco y Negro (outubro de 1922).

Doc. 24 O Expediente Picasso.

Abandónase a posición con todos os seus elementos, sen instrucións, con prásas, sen coñecer plan nin dirección, revoltas as forzas, confundidas, sen xefes, pode dicirse, acosados polo inimigo e sen máis idea visible ca a da salvación individual pola fuxida, vergoñenta nuns, inexplicable noutros e lamentable en todos, sendo inútiles os esforzos duns cantos para conter esta avalancha, que tan impremeditadamente se deixara desbordar.

É imposible facer a descrición exacta deste momento de pánico, descrito de tan diversos modos polas diferentes testemuñas, que diso non se saca máis ca unha triste impresión de dor.

Expediente Picasso, 1922

- Como describe este expediente o que sucedeu en Annual?